



Decreto da Alcaldía.- Ourense, na data de sinatura electrónica.

Vistos os escritos de renuncia á delegación efectuada pola Alcaldía mediante decreto núm. 2019006487 das atribucións relativas ás respectivas Áreas de goberno presentados con data do 08.09.2020 no rexistro xeral do Concello polos/as concelleiros/as don Jorge Pumar Tesouro (rexistro núm. 2020022707) -no seu caso tamén renuncia á Tenencia de Alcaldía-; dona Flora Moure Iglesias (rexistro núm. 2020022708); dona Eugenia Díaz Abella (rexistro núm. 2020022709); dona Ana María Fernández Morenza (rexistro núm. 2020022710); dona Sonia Ogando Vázquez (rexistro núm. 2020022711) e don José Mario Guede Fernández (rexistro núm. 2020022713), e o escrito de renuncia a formar parte da Xunta de Goberno local asinado polos/as concelleiros/as don Jorge Pumar Tesouro, dona Flora Moure Iglesias, dona Eugenia Díaz Abella, dona Ana María Fernández Morenza e dona Sonia Ogando Vázquez presentado na mesma data (rexistro núm. 2020022759).

Vistos os escritos de renuncia á delegación efectuada pola Alcaldía mediante decreto núm. 2019006487 das atribucións relativas ás respectivas Áreas de goberno presentados con data do 09.09.2020 no rexistro xeral do Concello polas concelleiras dona María Teresa Rodríguez Garrido -no seu caso tamén renuncia a formar parte da Xunta de Goberno local- (rexistro núm. 2020022774) e dona María del Mar Fernández Dibuja (rexistro núm. 2020022777)

De conformidade co establecido nos artigos 124.4. b) e k), 124.5 e 126.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; nos artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e no artigo 35 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense;

RESOLVO

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada polo concelleiro *don Jorge Pumar Tesouro* mediante un escrito do 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022707, ás 12:00:51) á Tenencia da Alcaldía e á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribucións relativas á *Área de goberno de MEDIO AMBIENTE, PERÍMETRO RURAL E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL*, as cales son asumidas pola Alcaldía con efectos dende o mesmo momento da súa presentación, e da renuncia como membro da Xunta de Goberno local efectuada por escrito da mesma data (rexistro de entrada núm. 2020022759) para a que foi nomeado polo decreto núm. 2020003172 do 02.07.2020. A renuncia á Tenencia da Alcaldía conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación exclusiva e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019005406 do 12.07.2019, con efectos dende o mesmo día da súa presentación.

Segundo.- Tomar coñecemento da renuncia presentada pola concelleira *dona Flora Moure Iglesias* mediante un escrito do 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022708, ás 12:01:50) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribucións relativas á *Área de goberno de PARTICIPACIÓN CIDADÁ, XUVENTUDE, TURISMO E TERMALISMO*, as cales son asumidas pola Alcaldía con efectos dende o mesmo momento da súa presentación, e da renuncia como membro da Xunta de Goberno local efectuada por escrito da mesma data (rexistro de entrada núm. 2020022759) para a que foi nomeada polo decreto núm. 2020003172 do 02.07.2020. A renuncia conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións



correspondentes á dedicación a tempo parcial (75%) e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019005406 do 12.07.2019, con efectos dende o mesmo día da súa presentación.

Terceiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada pola concelleira *dona Eugenia Díaz Abella* mediante un escrito do 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022709, ás 12:02:31) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribución relativas á Área de goberno de *POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE E SAÚDE*, as cales son asumidas pola Alcaldía con efectos dende o mesmo momento da súa presentación, e da renuncia como membro da Xunta de Goberno local efectuada por escrito da mesma data (rexistro de entrada núm. 2020022759) para a que foi nomeada polo decreto núm. 2020003172 do 02.07.2020. A renuncia conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación a tempo parcial (75%) e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019005406 do 12.07.2019, con efectos dende o mesmo día da súa presentación.

Cuarto.- Tomar coñecemento da renuncia presentada pola concelleira *dona Ana María Fernández Morenza* mediante un escrito do 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022710, ás 12:03:07) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribución relativas á Área de goberno de *FACENDA E CONTRATACIÓN*, as cales son asumidas pola Alcaldía con efectos dende o mesmo momento da súa presentación, e da renuncia como membro da Xunta de Goberno local efectuada por escrito da mesma data (rexistro de entrada núm. 2020022759) para a que foi nomeada polo decreto núm. 2020003172 do 02.07.2020. A renuncia conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación exclusiva e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019005406 do 12.07.2019, con efectos dende o mesmo día da súa presentación.

Quinto.- Tomar coñecemento da renuncia presentada pola concelleira *dona Sonia Ogando Vázquez* mediante un escrito do 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022711, ás 12:03:46) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribución relativas á Área de goberno de *URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO*, as cales son asumidas pola Alcaldía con efectos dende o mesmo momento da súa presentación, e da renuncia como membro da Xunta de Goberno local efectuada por escrito da mesma data (rexistro de entrada núm. 2020022759) para a que foi nomeada polo decreto núm. 2020003172 do 02.07.2020. A renuncia conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación a tempo parcial (75%) e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019005406 do 12.07.2019, con efectos dende o mesmo día da súa presentación.

Sexto.- Tomar coñecemento da renuncia presentada polo concelleiro *don José Mario Guede Fernández* mediante un escrito do 08.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022713, ás 12:04:13) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribución relativas á Área de goberno de *DEPORTES -inclúe a Presidencia do organismo autónomo Consello Municipal de Deportes-*, as cales son asumidas pola Alcaldía, con efectos dende o mesmo momento da súa presentación.

Sétimo.- Tomar coñecemento da renuncia presentada pola concelleira *dona María Teresa Rodríguez Garrido* mediante un escrito do 09.09.2020 (rexistro de entrada núm. 2020022774, ás 09:37:51) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribución relativas á Área de goberno de *EDUCACIÓN, PROMOCIÓN ECONÓMICA, RECURSOS EUROPEOS E FORMACIÓN OCUPACIONAL*, as cales son asumidas pola Alcaldía, con efectos dende o mesmo momento da súa presentación, e da renuncia como membro da Xunta de Goberno local para a que foi nomeada polo decreto núm. 2020003172 do 02.07.2020.

Oitavo.- Tomar coñecemento da renuncia presentada pola concelleira *dona María del Mar Fernández Dibuja* mediante un escrito do 09.09.2020 (rexistro de entrada núm. 202002277 ás 09:39:04) á delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 das atribución relativas á Área de goberno de *SEGURIDADE CIDADÁ E COMERCIO*, as cales son asumidas pola Alcaldía, con efectos dende o mesmo momento da súa presentación. A renuncia conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación exclusiva e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019007034 do 30.09.2019, con efectos dende o mesmo día da súa presentación.





Noveno.- Por de manifesto que as delegacións de competencias aprobadas pola Xunta de Goberno local mediante acordo do 10.09.2019 nos/as concelleiros/as de cuxa renuncia se toma coñecemento nesta resolución, quedan sen efecto na medida en que deixan de ser concelleiros/as con responsabilidades de goberno municipal. En consecuencia, dende a data de formalización da renuncia, as competencias delegadas son recuperadas pola Xunta de Goberno local

Décimo.- Esta resolución seralle notificada persoalmente ós interesados.

Décimo primeiro.- Desta resolución daráselle conta ao Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno local na primeira sesión que se realice, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende a data a súa adopción.

Décimo segundo.- Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu como oficial maior, dou fe.

O alcalde-presidente
Gonzalo Pérez Jácome

O oficial maior
Carlos Javier Fernández Fernández

